



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Febreiro 2022


Santiago de Compostela, 8 de abril de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2022

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en febreiro de 2022 un retroceso do 6,8% con respecto a febreiro de 2021; en España, pola contra, rexistrouse un avance do 3,9%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 17,0%; os bens de equipo decreceron un 10,4% e os bens intermedios subiron un 13,2%. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 41,1%.
- Por ramas de actividade as achegas negativas mais destacables corresponden á “producción de enerxía eléctrica” que resta 11,8 puntos e a “fabricación de vehículos de motor” que minora 4,2 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destacan: a “confección de roupa de vestir” que achega 3,5 puntos e a “industria da madeira e da cortiza” que suma 3,1 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2022



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en febreiro de 2022 un retroceso do 6,8% con respecto a febreiro de 2021, mentres que a nivel nacional rexistrouse un avance do 3,9%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 17,0%, e achegan 3,8 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do -10,4%, o que resta 2,6 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** suben un 13,2%, cunha repercusión positiva de 3,3 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 41,1% e resta 11,3 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de xaneiro de 2022, por destino económico, os bens de consumo empeoran melloran 7,3 puntos, os bens de equipo empeoran 9,2 puntos, os bens intermedios melloran 0,7 puntos e a enerxía empeora 14,0 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


Atendendo ás distintas ramas industriais o decrecemento interanual en febreiro do 6,8% débese principalmente á achega negativa (17,9 puntos) de dez ramas; as principais foron: a “produción de enerxía eléctrica” que resta 11,8 puntos e a “fabricación de vehículos de motor” que minora 4,2 puntos a taxa interanual.

No que respecta ás repercusións positivas, as principais foron: a “confección de roupa de vestir” que achega 3,5 puntos e a “industria da madeira e da cortiza” que suma 3,1 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de febreiro moveuse entre o -10,7% de Castilla y León e o 16,7% de Murcia. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Illes Balears (15,4%), Navarra (13,9%), Comunitat Valenciana (9,6%), Asturias (9,5%), La Rioja (9,1%), País Vasco (6,6%), Andalucía (6,3%), Canarias (5,0%), Aragón (4,8%) e Castilla - La Mancha (4,3%).

IPI Febreiro 2022 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Febreiro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	99,8	-6,8	-3,3	--	--
Bens de consumo	123,1	17,0	20,5	3,8	4,5
Bens de equipo	92,9	-10,4	-5,9	-2,6	-1,5
Bens intermedios	121,2	13,2	12,8	3,3	3,2
Enerxía	66,0	-41,1	-34,3	-11,3	-9,5
España					
Xeral	104,0	3,9	4,0	--	--
Bens de consumo	102,9	6,2	7,3	1,6	1,8
Bens de equipo	106,1	2,0	2,1	0,5	0,5
Bens intermedios	112,0	4,4	4,1	1,4	1,3
Enerxía	92,0	2,5	1,7	0,5	0,4

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Febreiro 2022

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-6,8		-3,3		
Confección de roupa de vestir	94,7	3,5	80,5	3,1	4,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	81,5	3,1	67,1	2,7	3,6
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	10,0	0,7	10,1	0,7	7,7
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	33,7	0,7	25,8	0,6	2,0
Fabricación de bebidas	27,3	0,6	30,0	0,8	3,5
Industria química	34,9	0,5	42,4	0,5	1,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	17,2	0,4	19,9	0,5	2,6
Fabricación de mobles	23,7	0,3	48,4	0,5	1,1
Outras industrias manufactureiras	36,0	0,2	34,3	0,2	0,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	3,6	0,1	3,6	0,1	4,1
Fabricación doutro material de transporte	3,6	0,0	-17,6	-0,2	2,0
Industria téxtil	-11,8	-0,1	-15,0	-0,1	0,6
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-4,7	-0,1	-1,1	0,0	2,5
Industria do papel	-6,8	-0,1	-15,9	-0,4	2,2
Outras industrias extractivas	-16,8	-0,2	34,1	0,3	1,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-14,1	-0,2	-22,5	-0,3	1,4
Industria da alimentación	-3,3	-0,5	2,6	0,4	13,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-13,2	-0,6	-9,4	-0,4	5,1
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-27,5	-4,2	-17,7	-2,7	13,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-49,8	-11,8	-43,4	-10,5	22,3
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Febreiro 2022

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	104,0	3,9	4,0
Galicia	99,8	-6,8	-3,3
Andalucía	90,4	6,3	9,7
Aragón	107,0	4,8	1,6
Asturias	102,7	9,5	9,6
Balears (Illes)	78,2	15,4	11,1
Canarias	84,3	5,0	5,2
Cantabria	118,0	-0,9	0,4
Castilla - La Mancha	98,3	4,3	5,7
Castilla y León	90,5	-10,7	-7,5
Cataluña	105,7	2,5	0,9
Comunitat Valenciana	111,0	9,6	7,4
Extremadura	96,2	-0,8	-4,0
Madrid	108,6	3,5	4,4
Murcia	119,0	16,7	15,5
Navarra	118,1	13,9	10,9
País Vasco	107,4	6,6	8,5
Rioja (La)	92,9	9,1	3,9

Fonte: INE